VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN

ANUNCIO da convocatoria para a provisión dunha praza de oficial de obras e servizos.

Na Resolución da Alcaldía 2026-0571, do 31 de xullo de 2026, aprobáronse as bases e a convocatoria para a selección dunha (1) praza de oficial de obras e servizos.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra número 189, do 1 de outubro de 2026, publicáronse integramente as bases reguladoras da convocatoria e selección, en réxime de funcionario de carreira, dunha praza vacante de oficial de obras e servizos do Concello de Pazos de Borbén (OEP 2025), polo procedemento de concurso-oposición, quenda libre.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando proceda conforme as bases, faranse públicos na forma prevista nelas.

Pazos de Borbén, 2 de outubro de 2026

Xosé Luciano Otero Camiña
Alcalde

CVE-DOG: j849zgu9-hc78-xib0-pub2-gcr2nmqzi2t2